

Tres. O número 1 do artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«1. Na primeira venda dos produtos da pesca, sexa cal for a modalidade da transacción, unha vez feita efectiva, deberase cubrir o documento nota de venda, que deberá conter, ao menos, os seguintes datos:

a) A denominación comercial e científica de cada especie e a súa zona de captura, de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 104/2000 do Consello, no relativo á información do consumidor no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

b) Para os produtos pesqueiros, frescos, o tamaño ou peso dos exemplares, presentación e frescura, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros, para as especies reguladas neste.

c) A cantidade vendida e o prezo por quilo de cada especie.

d) O destino dos produtos retirados do mercado, se for o caso, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 2494/2001 da Comisión, do 19 de decembro de 2001, que modifica o Regulamento (CE) n.º 80/2001 no que respecta ás opcións de comercialización dos produtos da pesca retirados do mercado.

e) Identificación, nome e apelidos ou razón social do comprador e do vendedor.

f) Lugar e data da venda.

g) Referencia ao contrato de compravenda, nas vendas contractuais.

h) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, cando for o caso.

i) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques de países terceiros.

j) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.

k) O porto e data de desembarque ou lugar e data da importación ou lugar e data da descarga.

l) Referencia ao documento de transporte, declaración de recolla ou ao documento T2M, DUA (documento único de aduanas) ou EUR 1 (certificado de circulación de mercadorías) en que conste a orixe das cantidades transportadas, cando os produtos se poñan á venda nun lugar distinto ao de desembarque ou descarga.»

Catro. Suprímese a alínea b) do número 1 do artigo 5.

Cinco. Engádense os números 3 e 4 na disposición adicional primeira, coa seguinte redacción:

«3. De acordo co disposto no artigo 72 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e co obxecto de garantir o cumprimento polo Estado das súas obrigas coa Unión Europea no control e aplicación das medidas da política pesqueira común, establecidas no Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán á Subdirección Xeral de Comercialización Pesqueira, da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados Pesqueiros da Secretaria

Xeral de Pesca Marítima, os datos mensuais de produción dos produtos de acuicultura e marisqueo, onde se inclúan o volume de vendas, expresado en quilogramo, o prezo destas por quilogramo, lugar de cría e de venda e o nome comercial e científico, para cada unha das especies postas á venda.

4. Os produtores remitirán os datos mensuais citados no número anterior na primeira semana do mes seguinte ao mes a que se refiren os datos ao órgano competente da comunidade autónoma, o cal o remitirá á Subdirección Xeral de Comercialización Pesqueira na segunda quincena dese mes.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

9740 REAL DECRETO 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un programa nacional de loita e control das doenzas das abellas do mel. («BOE» 131, do 2-6-2006.)

As principais doenzas que afectan as abellas do mel están recollidas no Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de doenzas de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación.

Na maioría das doenzas das abellas pódense realizar actuacións de loita e control que permitan evitar as cuantiosas perdas económicas que estas doenzas provocan. Neste senso, débese salientar especialmente a varroose, antes denominada varroase, que ocasiona un importante prexuízo ás colmeas de abellas, non só pola acción espoliadora do ácaro *Varroa destructor*, senón tamén pola aparición xeneralizada de infeccións víricas e bacterianas, tanto na cría como nas abellas. Esta doenza encóntrase incluída na lista do Código Sanitario para os Animais Terrestres da Organización Mundial da Saúde Animal e na sección C do anexo I do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, e cos coñecementos e medios actuais non se pode erradicar, polo que cómpre realizar tratamentos de forma sistemática.

O artigo 10 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, no seu punto terceiro, xa dispón que, no marco da loita coordinada contra as doenzas das abellas, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará e coordinará a aplicación do plan nacional de loita integral contra a varroose, cuxa execución corresponderá ás autoridades competentes.

Así mesmo, no anexo B do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1 do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, inclúese a varroose como unha das doenzas para as cales se poden recoñecer programas nacionais en virtude deste.

E o artigo 3.b) do Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, regula que poderán ser obxecto de axudas aquelas actividades

ou investimentos encamiñados a loitar contra a varroose, conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura.

Na súa virtude, faise preciso un programa nacional de loita e control das doenzas das abellas do mel, que considere tamén a posibilidade de programas de erradicación para algunhas doenzas, de acordo co disposto no artigo 25 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, que prevé, no seu punto primeiro, que se someterán a programas nacionais de prevención, control, loita e erradicación de doenzas dos animais aquelas que determine a Administración xeral do Estado, consultadas con carácter previo as comunidades autónomas e consultado o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, en función das súas repercusións económicas, sanitarias e sociais. A un tempo, efectúase unha modificación puntual no artigo 4.1 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, para clarificar que a existencia de identificación alcanza as colmeas, ao ser unha explotación, e non á advertencia da presenza de abellas, aspecto alleo ao ámbito estritamente gandeiro.

Este real decreto dítase en uso da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto o establecemento e a regulación, con carácter básico, dun programa nacional de loita e control das doenzas das abellas do mel (*Apis mellifera*), de aplicación en todo o territorio nacional.

2. As doenzas susceptibles de seren incluídas no programa nacional son todas aquelas que afecten as abellas do mel incluídas na lista do Código Sanitario para os Animais Terrestres da Organización Mundial da Saúde Animal, no Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de doenzas de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, ou, se for o caso, outras que afecten as abellas do mel, en función das propostas ou acordos que ao respecto se adopten no Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria previsto no artigo 27 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, de acordo coas funcións que lle corresponden de conformidade co disposto no artigo 28 desta.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións incluídas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

Artigo 3. *Identificación, rexistro e movemento.*

1. A identificación e o movemento das colmeas, así como o rexistro das explotacións apícolas, realizaranse

de acordo co disposto para o efecto no Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro.

2. Sen prexuízo da vixente normativa en materia de movemento de colmeas e do previsto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, e non obstante o disposto no número anterior, cando nunha zona o órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla declare a existencia dunha doenza exótica ou de alta patoxenicidade de entre as previstas no anexo I, non se poderán efectuar movementos de saída respecto das colmeas situadas nesa zona, ou de todas aquelas que teñan entrada nesta, en canto o citado órgano competente non proceda a levantar as restricións do movemento de saída ou ben, baixo circunstancias especiais, autorizar determinados movementos de saída, debendo, neste caso, ser acompañados polo certificado sanitario oficial de orixe previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Artigo 4. *Obxectivo do programa e administracións competentes.*

1. O programa ten como obxectivo que as explotacións apícolas manteñan as colonias de abellas do mel cun nivel sanitario adecuado.

2. Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla o desenvolvemento e a execución, no seu respectivo ámbito territorial, do programa nacional.

3. A coordinación será realizada polo Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria.

Artigo 5. *Medidas de control en colmeas.*

1. Cando, por causa de calquera doenza, a colonia de abellas do mel morra, o propietario da explotación levará a cabo o antes posible, cando menos, as actuacións que eviten o risco de propagación da doenza segundo a normativa vixente.

2. O disposto no número anterior será tamén de aplicación ás colmeas de abellas do mel abandonadas, para o cal o propietario da explotación deberá levar a cabo as actuacións precisas de limpeza e desinfección ou, se for o caso, de destrución hixiénica das colmeas e/ou cadros.

3. Se o propietario non realizar as actuacións previstas en cada caso nos números anteriores deste artigo, o órgano competente da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla en cuxo ámbito territorial se encontren as colonias de abellas ou as colmeas, procederá a executalas cos seus propios medios ou utilizando servizos alleos, á custa do citado propietario, cuxo importe poderá exixírselle por vía de constrinximento, con independencia das sancións ou multas coercitivas a que houber lugar.

CAPÍTULO II

Medidas específicas en función do tipo de doenza

Artigo 6. *Varroose.*

As actuacións que se deben realizar, no caso da varroose, son as seguintes:

a) Realízase, ao menos, un tratamento obrigatorio ao ano, co contido do anexo II.

b) En caso necesario poderase realizar un novo tratamento noutras épocas, diferentes ás establecidas no anexo II, debendo, neste caso, efectuarse coas mesmas pautas indicadas no tratamento obrigatorio e con notificación previa por parte do apicultor.

Artigo 7. *Outras doenzas.*

No caso de doenzas de abellas do mel distintas da varroose organizarase, como mínimo, unha vixilancia permanente que permita coñecer a prevalencia das doenzas e a súa variación, co fin de, unha vez detectada a doenza, se adoptaren as medidas sanitarias adecuadas no referente a tratamento e profilaxe, que variarán en función da patoloxía diagnosticada.

Artigo 8. *Programas de erradicación.*

1. As comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e Melilla poderán establecer programas de erradicación contra determinadas doenzas exóticas ou de alta patoxenicidade de entre as previstas no anexo I, para o cal poderán definir aquelas áreas, cuxas dimensións mínimas serán o ámbito xeográfico dunha agrupación de defensa sanitaria ou unidade veterinaria local, que poidan formar parte do programa de erradicación que, entre outras medidas, prevexa a destrución obrigatoria das colonias de abellas e, se for o caso, das colmeas. Todas as explotacións apícolas existentes nesa área, ou as colmeas que entren nela, estarán obrigadas a se someter ao mencionado programa.

2. A destrución obrigatoria das colonias de abellas e, se for o caso, das colmeas, imposta pola autoridade competente, dará dereito á correspondente indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos que oficialmente se establezan, tal e como se dispón nos artigos 20 e 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e no Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, do 26 de abril, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura. Non obstante, unicamente terán dereito a indemnización aqueles propietarios de gando que cumprisen coa normativa vixente en materia de sanidade animal e de rexistro e identificación apícola.

CAPÍTULO III

Laboratorios e réxime sancionador

Artigo 9. *Laboratorios nacionais de referencia e laboratorios oficiais das comunidades autónomas.*

1. Os laboratorios nacionais de referencia fronte ás doenzas obxecto deste programa son os establecidos no anexo III.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla poderán designar, no seu ámbito territorial, os laboratorios públicos ou privados responsables das análises de laboratorio previstas neste real decreto.

Artigo 10. *Infraccións e sancións.*

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido previstas na Lei 8/2003.

2. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde a que houber lugar.

Disposición adicional única. *Intercambios intracomunitarios.*

1. Mediante acordo do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria poderase decidir presentar o programa de loita e control das doenzas das abellas do mel previsto neste real decreto á Comisión Europea, para efectos de conseguir a declaración do territorio nacional como libre de determinadas doenzas das abellas do mel. Neste suposto, as comunidades autónomas e as cidades

de Ceuta e Melilla remitirán á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información necesaria para que este traslade á citada Comisión os datos a que se refire o artigo 15 da Directiva 92/65/CEE do Consello, do 13 de xullo de 1992, pola que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios e ás importacións na Comunidade de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normativas comunitarias específicas a que se refire a sección I do anexo A da Directiva 90/425/CEE, co fin de conseguir a declaración de todo ou parte do territorio nacional como libre da doenza ou doenzas das abellas do mel de que se trate.

2. Após o estudo da documentación remitida polas autoridades competentes, e se se cumpren os requisitos previstos na Directiva 92/65/CEE do Consello, do 13 de xullo de 1992, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación presentará as xustificacións oportunas á Comisión Europea, co fin de poderen ser recoñecidas as garantías complementarias xerais ou limitadas que se poidan exixir nos intercambios intracomunitarios de colmeas de abellas do mel (*Apis mellifera*) destinadas á zona ou territorio de España de que se trate.

3. As comunicacións á Comisión Europea que prevé esta disposición realizaranse seguindo as vías legalmente establecidas, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

A modificación do artigo 4.1 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, establecida pola disposición derradeira segunda, será de aplicación aos expedientes administrativos en que non recaese aínda resolución firme no momento da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, e especificamente a Orde do 12 de marzo de 1985, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sobre planificación e coordinación para a prevención da varroose das abellas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de norma básica estatal, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.*

O artigo 4.1 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, substitúese polo seguinte:

«1. Os titulares das explotacións apícolas deberán identificar cada colmea, en sitio visible e de forma lexible, cunha marca indeleble na cal figurará o código de identificación das colmeas, que será único para cada explotación.»

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, para modificar o contido dos anexos deste real decreto para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria ou por motivos urxentes de sanidade animal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A Ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Doenzas exóticas ou de alta patoxenicidade que afectan as abellas do mel

Loque americana das abellas melíferas (*Paenibacillus larvae*).

Tropilaelaps (*Tropilaelaps* spp.).

Aethinose (pequeno escaravello da colmea, *Aethina tumida*).

ANEXO II

Tratamento da varroose

1. O tratamento realizarase no período setembro-novembro. Non obstante, o órgano competente da comunidade autónoma poderá, en atención ás especialidades de cada zona, ou en atención á transhumancia, establecer un período de inicio ou finalización diferentes.

Este tratamento levarase a cabo cun medicamento veterinario baixo a supervisión do veterinario de explotación ou, se for o caso, do veterinario autorizado ou habilitado, e realizarase por zonas canto máis amplas mellor, sendo a área mínima de tratamento a que dispoña a autoridade competente.

2. O tratamento da doenza farase con base na actuación sanitaria establecida polo órgano competente da comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla, baixo a supervisión ou prescrición do veterinario de explotación ou, se for o caso, do veterinario autorizado ou habilitado, que debe ter en conta as colmeas incluídas na produción agraria ecolóxica ou biolóxica, caso en que se observarán as disposicións previstas no marco do Real decreto 1852/1993, do 22 de outubro, sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, que regulen a loita contra os parasitos.

3. Así mesmo, o programa deberase aplicar nos prazos sinalados pola comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, en función de cada zona de actuación. Realizado o tratamento, anotarase no libro de rexistro de explotación apícola, ao menos, os seguintes datos:

- 1.º Data de inicio e de finalización do tratamento.
- 2.º Tipo de tratamento.
- 3.º Dose.
- 4.º Número de colmeas tratadas.
- 5.º Denominación comercial do produto administrado.

ANEXO III

Laboratorios nacionais de referencia

O laboratorio nacional de referencia fronte á varroose é o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sito en Algete (Madrid).

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9741

ORDE PRE/1702/2006, do 29 de maio, pola que se inclúen no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, determinadas substancias activas. («BOE» 131, do 2-6-2006.)

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. Esta directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra banda, na Orde do 14 de abril de 1999 establécese o anexo I dese real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no número 16 do artigo 2 desa norma como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2005/53/CE da Comisión, do 16 de setembro, inclúense as substancias activas clorotalonil, clorotolurón, cipermetrina, daminozida e tiofanato-metil, mediante a Directiva 2005/54/CE da Comisión, do 19 de setembro, inclúese a substancia activa tribenurón, pola Directiva 2005/57/CE da Comisión, do 21 de setembro, inclúense as substancias activas MCPA e MCPB, mediante a Directiva 2005/58/CE da Comisión, do 21 de setembro, inclúense as substancias activas bifenazato e milbemectina, e pola Directiva 2005/72/CE da Comisión, do 21 de outubro, inclúense as substancias activas clorpirifos, clorpirifos-metil, mancozeb, maneb e metiram.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE, modificándose ou retirándose, de conformidade co establecido para o efecto neda directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2005/53/CE, 2005/54/CE, 2005/57/CE, 2005/58/CE e 2005/72/CE, mediante a inclusión das substancias activas clorotalonil, clorotolurón, cipermetrina, daminozida, tiofanato-metil, tribenurón, MCPA, MCPB, bifenazato, milbemectina, clorpirifos, clorpirifos-metil, mancozeb, maneb e metiram no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira dese real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño: